



RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se acorda a ampliación do prazo para a resolución definitiva das solicitudes de axuda da convocatoria 2017 presentadas ata o 1 de marzo ao abeiro da Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 (financiadas polo Fondo Europeo da Pesca).

De conformidade co disposto no punto 1 do artigo 24 da devandita orde, o prazo para resolver o procedemento de concesión das axudas será de catro meses contados dende o 1 de marzo.

De conformidade co disposto na disposición derradeira primeira da mesma orde, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro está facultada para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento da orde.

O artigo 23º da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que "Excepcionalmente cando se teñan esgotado os medios persoais e materiais dispoñibles aos que se refire o apartado 5 do artigo 21, o órgano competente para resolver, a proposta no seu caso do órgano instrutor ou do superior xerárxico do órgano competente para resolver, poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, non podendo ser éste superior ao establecido para a tramitación do procedemento".

Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso ningún.

Neste sentido, de conformidade cos preceptos amentados, ante o elevado número de solicitudes formuladas, a necesidade de facer as comprobacións relativas ao artigo 10º do Regulamento 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e os medios persoais e materiais dispoñibles, cómpre acordar a ampliación ata o 1 de setembro o prazo para a resolución definitiva das solicitudes.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo